



Fegatramer
Rua Laverde Ruiz, 6 – Baixo D
15702 – Santiago de Compostela

Subvencións para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia

Asunto: resolución

Expediente: FT-2/2016

Interesado: FEGATRAMER (G15086358)

O día 18 de xullo de 2016, a directora xeral de Mobilidade, Helena de Lucas de Santos, ditou unha resolución que literalmente di:

“ANTECEDENTES

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* n.º 80, do 27 de abril de 2016, publicouse a Orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda do 4 de abril de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para conceder axudas para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

Segundo. Ao abeiro da indicada convocatoria, o interesado sinalado no encabezamento formulou a súa solicitude en prazo, e remitiu a documentación requirida na norma para poder ser beneficiario.

Terceiro. O 30 de xuño de 2016 emitiuse o informe coa valoración das solicitudes admitidas, e consonte con este o 01/07/2016 o órgano instructor formulou proposta de estimación da solicitude do interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade é a competente para resolver as solicitudes de axudas para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia, de acordo coa delegación outorgada ao seu favor pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda na Orde do 4 de abril de 2016.

Segundo. O solicitante cumpre os requisitos previstos na orde de convocatoria para ser beneficiario, e a súa solicitude axústase ás previsións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e á súa normativa de desenvolvemento. Xa que logo, e á vista do contido do expediente, do informe de valoración e da proposta formulada polo órgano instructor, considérase axeitado o outorgamento da axuda.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO OUTORGAR** a FEGATRAMER (G15086358), unha subvención total máxima de 78.531,51 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.512A.481.1, para executar o plan formativo de acordo coas condicións que foron comunicadas por esta entidade, e cuxa relación de cursos se recolle como anexo desta resolución.

O beneficiario asume as obrigas establecidas con carácter xeral nas bases reguladoras e na normativa de subvencións, e especificamente as previstas no artigo 16 das bases. De acordo co artigo 4.3 das bases reguladoras, esta axuda será compatible con calquera outra outorgada por outros departamentos, administracións ou entes públicos ou privados, nacionais e internacionais.

De acordo co disposto no artigo 17 da orde, o 31 de outubro de 2016 será o último día para presentar a documentación xustificativa das accións formativas realizadas ao abeiro desta convocatoria. As entidades beneficiarias deben xustificar as actividades formativas subvencionadas achegando a documentación que se indica no artigo 17.2 das bases reguladoras, dentro do prazo mencionado.

Segundo o artigo 18 das bases reguladoras, unha vez examinada a documentación presentada aboaranse as cantidades que correspondan ás actividades correctamente realizadas, mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na solicitude.



Tal e como establece o artigo 2.3 das bases reguladoras, o importe outorgado destinarase a realizar a totalidade dos cursos do plan formativo. Non obstante, se as demandas formativas o aconsellasen, poderá destinarse á realización doutros cursos relacionados coas materias contidas no plan, ou a incrementar o número de edicións dos xa incluídos nel, sempre que non se supere o importe global outorgado e a contía individual de cada curso non supere os límites máximos fixados na guía de referencia. Igualmente, no caso de que a contía global da axuda outorgada non cubra o custo de todo o plan formativo, o beneficiario poderá aplicala á realización daqueles cursos ou seminarios incluídos nel que resulten de maior interese para o alumnado. En todo caso, os cursos que se van realizar, así como os posibles cambios que lles afecten, deberán serlle comunicados á Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte nos termos do artigo 19.2 das bases.

O artigo 20 das bases reguladoras permite que o beneficiario subcontrate a realización dos cursos ou seminarios ata o total da actividade subvencionada, respectando en todo caso os límites establecidos na devandita disposición, entre os que destacan os seguintes:

- Se a actividade concertada con terceiros excede o 20 % do importe da subvención e o dito importe é superior a 60.000 euros, a subcontratación debe autorizarse previamente á súa realización pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade e figurar nun contrato escrito no caso de que sexa autorizada.
- Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 12.000 euros, o beneficiario deberá solicitar, con carácter previo á contracción do compromiso para a realización do curso ou seminario, tres ofertas de diferentes provedores, sen prexuízo das excepcións legalmente establecidas. Neste caso, é no momento da xustificación da subvención cando o beneficiario debe achegar as tres ofertas e a memoria xustificativa da elección realizada, tal e como se regula no artigo 20 das bases.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación; ou ben, alternativamente, poderá ser impugnada directamente ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses computados do mesmo xeito, consonte o artigo 14 das bases reguladoras”.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2016

O subdirector xeral de Inspección do Transporte

David Conde Varela

